

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 30 de xuño de 2016 pola que se dá publicidade a unha encomenda de xestión para o ano 2016 á empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec).*

De conformidade co previsto no artigo 8.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dáse publicidade a unha encomenda de xestión para o ano 2016 do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) á empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec), coas seguintes características:

– Actividade: creación do Observatorio Galego da Biomasa para a promoción do desenvolvemento e modernización do sector da biomasa con fins enerxéticos.

– Natureza e alcance da xestión encomendada: esta encomenda ten natureza intra-subxectiva ao ter Tragsatec a consideración de medio instrumental e técnico da Administración segundo o disposto na disposición adicional vixésimo quinta do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: ata o 31 de outubro de 2016.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2016

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

